


A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, 6 mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados

Redacción e Administración: Praza Maria Pita. 17. baixos, CRUÑA


Ford

EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL

Nova baixa de prezos postos en vigor

		ANTES	AHORA
CHASSIS COMUN...		Pesetas 4.480	4.230
VOITURETTE para 2 pasaxeiros, aberto con arranque		6.300	6.070
VOITURETTE > 2 > sin >		5.790	5.675
DOBLE FAETON > 5 > con >		6.630	6.350
DOBLE FAETON > 5 > sin >		6.125	5.965
SEDAN > 5 > (coche cerrado con arranque) >		12.050	11.290
COUPÉ > 2 > >		10.975	10.215
CHASSIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada		5.050	5.735

Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados



Axiña recibiré unha remesa de vinte autos e camiós, pol-o que recomendo aos moitos clientes que lles interesa adquirilos, faigan os pedidos EN FIRME, pois a demanda é moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregas faranse por riguroso orde de turno.

Gran servizo económico de autos de alquiler

LUIS GRANADOS
AXENTE

Oficiña, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóbiles

Todas mis ofertas se entenden sin compromiso y sujetas a mi confirmación. As mercancías viaxan por conta e resgo do comprador, non ademitindo devolta dempois da saidas do almacén

Payo Gómez, 5  **A Cruña**  **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO V — NÚMERO 153 — 15 NADAL 1921

Levamos cinco anos de vida...

O catorce do mes derradeiro fixo cinco anos que escomenzou a se publicare «A NOSA TERRA». Mais d'un lustro leva xa vivido este boletín. Mais dun lustro levamos traballando pol-o espallamento d'ideias redentoras n'estas columnas. Canto aconteceu desde que se fundaron as «Irmandades» digno de se comentare con loubanza ou de se censurar con xenreira por resultar benficioso ou perxudicial para Galiza, na colección d'estas follas áchase perpetuado.

A historia galega—resume de todol-os feitos políticos, artísticos e sociaes, habidos na nosa Terra, ao longo dos cinco anos derradeiros—n'este boletín fica contada. Non poderan prescindiren de «A NOSA TERRA» os historiadores galegos de porvire.

O exemplo do sostenimento da nosa publicación, e algo honoroso para os galeguistas enxebres. E unha mostra crara do que poden a fe e a tenacidade, Que nunca, en ningures, tense dado un caso de costancia somellante na Galiza. Contra todo, a través de mileiros d'obstáculos e dificultás «A NOSA TERRA» saiu sempre triunfal. E déixalles asiñalado ás xeneracións novas un camiño luminoso o do idearum nazionalista, nestas follas afincado para *in eternum*.

Son cinco anos de loita e traballo, mais fonda aquela e mais rexo este do que coidar poidesen moitos. Cinco anos proveitosos para a Terra, xa que n'eles fixemol-o perciso a fin de que a desgalización arrastada durante cinco séculos, non continuara; a fin de que, o nazionalismo galego, obrigue a pensar na Galiza aos galegos menos galegos. ¡Cinco anos predicando areo o Evanxelio da nosa redenzón! ¡Cinco anos empregando a cotío a nosa lingua até o punto de podermos decire que escribimos nós solos en galego, durante o lustro, mais que o resto de todol-os galegos intelectuaes, nos cinco séculos d'aldra-xante escravitude en que Castela nos tivo!

«A NOSA TERRA», hoxe xa é coñecida por todos os povos do mundo que teñen pranteado un problema nazionalista. «A NOSA TERRA», iníziou o intertroque fraternal oc'a veciña República lusitana que agora vai camiño d'un xúrdio frolecimento, e tremelou dend'os primeiros momentos, a bandeira do degoro atlantista.

Orgao oficial do nazionalismo galego, n'ela áchanse recollidas as conclusións das Asambleas de Lugo, Compostela e Vigo. N'ela os pensamentos mais luminosos do xenial Porteiro, todo o mais sainte das xornadas triunfaes dos galeguistas na Cataluña e dos catalanistas na Galiza.

Folleando a colección de «A NOSA TERRA» ninguén poderá deixar de ser optimista pol o que respeuta ao porvir da nosa Pátria. ¡Que si en cinco anos tanto se leva feito, a seguirmos co'a mesma fe o a mesma tenacidade, no novo lustro xa haberemos de colleitare xúrdios froitos!

Atlantismo, pangalegismo, celtismo, saudosismo, nazionalismo, valores político-culturaes estudados de xeito enxebre por nós en este boletín teñen sido pol-a vez primeira.

Certamente aquí falouse con agarimo de todo o vello feito pol-os antigos rexonalistas. Mas ao propio tempo, alcendemos lumeiras novas que os novos tempos pedían! a berros. E «A NOSA TERRA» resultou órgano de creación e arsenal único para confeccionar a Historia de Galiza que fumos os primeiros a continuar e que xa non pode interrompirse. Fixémolas novas táboas nas que se lé: ¡Patria ceibe! Voltámoslle a propia i alma a o corpo que parecía morto por teta perdido. De nos xa non poderán decil-os nosos fillos o que nos tivemos que decir dos nosos país. Deixámoslles un ideal eterno, trascendente, nobre e fecundo... N'un país habitado por escravos espiritoaes sementamos unha pátria ceibe. E a semente xurdirá si todos somos a comprir co noso deber.

Irmaos lectores: nunca como agora faise necesario que axudeis ao sostenimento de «A NOSA TERRA». O noso sacrificio de cinco anos—sacrificio que poucos comprenderán por que poucos se decatan do que é escribir sin tréngolas para un boletín, e coase sempre anónimamente, tornando de que niugún feito d'interés pequeno ou grande ficase esquecido—que sirva d'exemplo e de espora para todos... E que tódol-os colaboradores nozos sigan axudándonos por imperativo patriótico.

¡Por Galiza e para Galiza!

Suscribase vostede

A NOSA TERRA

Os viños do Ribeiro

ARNOYA FINO

Siñifican o máximu d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: **Waldo Losada**

A SALVACIÓN DO PAIS

OS DEPUTADOS GALEGOS SE AXUNTARON

Se axuntaron. Parolaron, seguramente, pol-os cóbedos, na seición segunda do Congreso. Despois de fondas e longas meditacións, d'escrupulosos estudos fillos de longas vixilias, acordaron...

Os lectores cecais coiden que acordaron realizaren, traballaren, obstuiren todol-os proxectos do Goberno, condicionando a súa votación afirmativa aos problemas da Galiza. Eses procedementos non son dignos dos deputados galegos. Cecais a calisquera se lle houberen ocorrido taes procedementos. Aos deputados galegos, non. Despois de o meditarei moito, acordaron... publicar unha nota oficiosa.

Isa nota oficiosa, escrita n'un impecabel xeito burocrático, é un bofetón mais á Galiza, a serva e servil. E', asmade, a proba mais crara da absoluta desaprensión dos nosos deputados, que deben coidaren que Galiza áchase constituída somentes por imbéciles e por parvos de remate.

Porque óllese ¡o que van facel-os deputados galegos!

1.º «Perseverar en los trabajos iniciados ya con objeto de conseguir que se active»... ¡o qué? A construción do ferrocarril da Costa, que xa está para se construíre, gracias ás campañas dos nemigos dos deputados. Ademais «estudiarán», «pensarán» e se «preocuparán» de outros ferrocarrís galegos. Inda, é craro, que taes estudos, pensamentos e preocupacións, «dependen de la solución general que haya de darse al problema ferroviario».

¿Queredes máis noxenta bulra? O lóxico sería decir que os deputados galegos oporáñse a toda solución do problema si se non teñen en conta as necesidades galegas, pero...

2.º Respeito a obras públicas «SE PROCURARÁ CON LA POSIBLE EFICACIA OBTENER LOS MAYORES RECURSOS QUE SEA DABLE ALCANZAR». En menos verbas no pode haber mais evasivas! Querse decir, que o que hai que abranguer terá de ser «dable», e que, si o é, «se procurará» que rinda a posíbel eficacia...

3.º E' o mesmo que «se trata» de facer. Despois de tantas verbas hai un feito. E o feito é ¡que se nomeará unha ponencia—que procurar ha termar no posíbel que seia «dable» o que os trens galegos cheguen á súa hora á Galiza. Naturalmente, que sin molestar a ninguén, nin se meter c'o Goberno nin co'as Compañías.

4.º Designóuse outra comisión que procurar ha POR TODOS LOS MEDIOS, a desaparición dos obstáculos que se opoñen ao normal desenvolvemento da riqueza galega. Vel-aquí a sorpresa. Os deputados galegos áchanse dispostos ao atentado persoal, ao uso da dinamita, ao secuestro ¡a todol-os medios! Ao que non estarán dispostos ha ser á súa desaparición: que é un dos obstáculos que se opoñen ao normal desenvolvemento, etc., e que toda Galiza deseia.

A nota sainte da xuntanza—segun din—foi a do amore á Terra.

Decatémonos de que hai amores que matan.

De que Galiza inda non tivo endexamais un representante propio nas cortes da Hespaña.

E de que, si intentan vir a facer en Galiza unha Asambleia, como número de programa de festas de vran, compre que asobiemos e inda mais, si o número non nos gusta.

Que vaian a se riren das oligarquias que os pariron. Na terra non toleraremos mais farsas.

Do culto d'a Vaca Astral na Galizia

Eu, confesô sinxelamente, non pensaba responder ô señor Risco sobre as alusions que me fai no seu artigo, pro o outro día ollando a revista *Hesperia*, que dirixe o eminente ocultista Roso de Luna, levei unha sorpresa; o «discutido polígrafo» responde ás alusions do meu ademirado paisano e aduce algunhas probas en favor d'a miña opinión.

Eu comprendin que sendo a causa d'isto non podía quedar calado, máxime tendo tamén argumentos pra contrarrestar a afirmación do señor Risco.

Non quería voltare, repoño, por qu'ista discusión sería unha custión de terquedade, gañaría o que mais e con maior tesón negara.

No meu artigo dicía que o culto d'a vaca astral tamén tivo prosélitos na Galizia e sustentaba isto, no que dí o meu parente don Celso García de la Riega n'a súa obra «Galicia Antigua»: «Que o corpo do apóstol Sant Yago foi enterrado nun tempore donde se rendía culto á vaca, dempois de derribar o ídolo». Tamén falaba da tradición das vacas d' Hércules, e por último dos nomes de Cecebre, Ceceris, Tourón, Touriz, etc.

E con gran asombro meu, o profesor d' Ourense dime que non hai proba algunha, mais esquecéuselle escribir o porqué.

Eu qu' ademiro d'abondo ô señor Risco, pra non formar mal conceito d' il, espero que mo diga.

L. Amado Carballo.

Madri, Outono MCMXXI.

NOVA LÍRICA FRANCESA

Francis Picabia

Francis Picabia é un pintor e un poeta de expresión «dadaista», movemento de nova estética que surgiu en Zurich no ano 1916, creado pelo desconcertante Tristán Tzará, director da luxosa publicación ilustrada *Anthologie Dada*, e autor dos libros «La premiere aventure celeste, de Mr. Antipyrne» e «Vingt-cinq, poèmes», que tantas protestas suscitaron. Int-gran este movemento, o mais oco de todol-os d'avan-garde, os poetas Ablert-Bizot, Bretón, Pérez-Jorba, Cocteau, Reverdy, Aragón, Soupault, Ribemont-Dessaig-nes, María d'Arezzo, Areesberg e os pintores Hausmann, Orefants, Arp, Eggelin, Metzinger, Jauco e Richter. Hai algun mais que non lembramos. *Dada*—dice o Tzará no seu manifesto do ano 1918—nada significa. *Dada* é a síntese d' unha nova arte instauradora de escuadrías libres que quere ante todo espontaneidade—Em outra proclama publicada en Maio do 1919 espricase... «Non bus-

camos nada. Afirmamos a vitalidade de cada momento, a antifilosofia das acrobacias espontáneas».

A labor literaria do Picabia condensa—se en dous libros principais: «Poesie Ron Ron», e «Athlete des pompes funebres, rateliers Platoniques» e os «Poemes et dessins de la fille née Sans mere» e mais nas revistas *Ant.º Dada*, *La Rose Rouge*, *L'Elan*, e a que dirige con Tzará, titulada «391», cujo primeiro número saíu en New-York, para logo seguir publicándose en Zurich, Londres, Barcelona, París, Bruselas.—Seus poemas—escreve Tzará—non teñen fin, e as suas prosas non comezan jamais.—Escreve sen traballar. Como pintor esnaquizou a beleza construíndo con os restos—cartón e diñeiro—o paxaro do mecanismo eterno—pictóricamente deixou atrás aos post-cubistas Prampolini, Richter, Metzinger, Klee, Kandiuski, Archipeuco, etc., para pôr-se á veira dos «paroliberis» da Italia, Bussinari, Buzzi, Cangiullo e Venna.

Home ja antergo, que non gosta do sorriso da Gioconda e que julga a moral como a espiña dorsal dos imbeciles, é despois do Tzará, o que defende con mais afontamento a escola «dadista zurichiana» e as obras do seu talentoso e desequilibrado creador, pretendendo, en poemas estreitos, comprimidos, como telegramas comerciais, sintetizar os ruidos da civilización e a multiplicidade da vida moderna.—A. CEBREIRO.

* * *

Como curiosidade, publicamos agora duas poesias do renomeado vate dadaista, pois compre decatarse de todolos xeitos novos, inda dos que máis raros nos parezan... «Nicolás», resulta clásico en comparanza...

SEN TÍTULO

Pigmalión caricias escada serviço
o ouro e a esmola da dita Picadilly
parisienses cegos
dous e dous son sesenta e nove
a borracheira Sandovisch Armenonville
retóca-se empoando o seu entozo
que bela e a chouza de pérolas
instinto dos ollos parvos
e todo o mundo Sofás Tiziano
Clemenceau adora a sua imágen
o espartillo esqueleto camiña ás apalpadellas.

Estang m'a emporté au Chili...

Estanque trasladoume a Chile

jamais o notaches
às veces
influídos d' un tom seco
que vos dá o Sol
de predilección do día home cordato
de anjos no Purgatorio
milagreiro casamento, ollos cercados de olleiras
de adoración fermosa irná das maos cheias
mais longe notachel-o
diante d' ele.

Si eu quixera saber...

Si Eu quixera saber
cando o teu canto finará d' arrefeitar
é por saber unha contesta
Cantar!

Cando e onde tí cantarás
Cantar?

Si Eu quixera saber
porque me fai sufrir o que non sei
é por me ben tañar
pra deliñar me
e pra medir a sombra que darei.

Si Eu quixera saber
n-un paso
canto hai d' eternidade
é...

non sei choel-o ben...
Porqué lle non chamar curiosidade?

Si Eu non quero saber
a eternidade
o cantar
o sufrir...
é por beilar n-o ar
arrandear-me
descer e rubir

Sempre o peito encolleito
Conscente monicreque

Até
s' abanca
un día

cair...
N-un cadeleito?

MANOEL-ANTONIO.

Un xornal que quere a escravitude da Terra

Desque sairon do «Correo Gallego», do Ferrol, nosos irmaos Ramón Villar Ponte e Xaime Quintanilla, por defenderen as cousas da Terra, censurar os pulos bélicos e pedir que se esixan responsabilidades no vergoñoso asunto de Marrocos, aquel xornal escomezou a publicar durante varios días artigos da «Correspondencia Militar» de Madri, órgao das Xuntas de Defensa.

E n' un dos derradeiros números, comentando o trunfo da irmá de raza Irlanda, inserta unha chea de parvadas baixo o título «No queremos tanta liberdade».

Esas parvadas que coidamos serían feitas por algún cobala nómína patrioteiro defensor do Estado zu nezuga

NA VICTORIA DA IRLANDA

Irlanda trunfou na primeira parte das suas demandas. Irlanda xa constitúe un Estado libre coma o Canadá. O imenso imperialismo inglés non puido vencer a pequena nacionalidade que é irmá da Galiza. E o problema irlandés preocupou mais á Gran Bretaña n'estes dorradeiros tempos que o problema internacional do desarme derivación da post-guerra.

Fica probado que o que fai aos pobos grandes é a súa ideoloxía e a súa «vontade de seren», non a estensión territorial nin a forza bruta orgaizada. Un pobo, cando sabe pôrse en pe, acaba sempre por conquistar o trunfo. Asin a pequena Polonia, a pequena Ukrania, a Bohemia, a illa de Cuba.

Oxe, coma nunca, os versos coñecidos de Alfredo Brañas, «como en Irlanda—énguete e ande!» son dignos de se teren coma lema pol-os «bos e xenerosos».

Nóe, que axudamos moralmente canto nos foi posibel á irmá de raza que agora logrou o seu deseio nacional, senti-mola i-alma ateigada de ledicia.

A liberdade das pequenas nacionalidades ascballadas e apreixas pol-as poutas do imperialismo, continúa a súa marcha trunfal e xúrdia.

O celtismo entra de novo, c'unha arela trocada en realidade, na escea da Historia. Chegou a hora da redenzón dos povos celtigos, Galiza ten de se decatare ben d'isto. No simbólico mes de Nadal xurde libre unha nova nacionalidade. E nós contámol-o feito c'o corazón a choutar e reloucar en festa.

¡Viva Irlanda libre! ¡Irlandeses, os irmaos galegos vos saúdan enviándovos unha aberta cheia d'agarimo fondo! O voso trunfo é esperanza do noso trunfo futuro...

que ten escrava a economía galega e escravos e despreciados aos galegos, tentados estivemos a reproducilas, para que despois nos diga, si quer, don Leonardo Rodríguez, cómo pode seguir chamándolle órgao seu na prensa a un organillo de kermesse madrileira como o tal «Correo...» da cursilería con ceceo.

Por decontado Quintanilla e Ramón Villar Ponte, pódese decir que foron vítimas, por teren ideas nazionalistas i-europeias e non ser carneiros de chinchin bizarro, de xentes que presionan dend' a sombra.

E abonde pol-o d' oxe con apuntarmos o síntoma.

X.

17 do Nadal de 1483

Lembra esta data a triste efemérides do romate da loita entre Castela e Galiza, por teren os soldados castelás apelado a treición para facer prisioneros ao Mariscal Pardo de Cela e os seus mais fieles amigos.

N' esa data pagaron co' a vida o se haberen rebelado

contra do imperialismo de Castela, Pardo Cela e o seu fillo.

Na praza de Mondoñedo, de orde dos Reis Católicos, fono degolados enton, escomezando para Galiza a época multiseccular d'escravitude vergoñosa que inda non romatou hoxe, cando Irlanda xa é libre.

Touros e foros

As prazas de touros na Galiza teñen o significado abafante da colonización a base d' imperialismo. Castela conquistou a Galiza co' a espada en edades pretéritas. E nos días d' agora axeitouse para que na Terra—asín con maiúscula, que aquí a verba dí Patria— se erguesen tres d' isas edificacións redondas e antiestéticas nas que a chulería pon cátedra de riles a hespañola, querse dicir, de masculinidade parva e fachendosa, pois aprícase á consagración do salvaxe.

Ser nazionalista e amigo das corridas de touros parécenos absurdo.

Nin Rodríguez nin Portela poden declararse abolicionistas na cuestión dos foros, porque si así o fixeran Romanones e Alhucemas obrigaríanlles a se iren das taifas que respectivamente caudillean e elo tería de ser para o ex ministro e para o exministrabel o colmo da disgracia.

Mas os labregos que están pol-a abolición dende que o Demo da Caieira semeou esa idea no agro, han sorrir ao escoitaren as verbas do ex ministro e do ex ministrabel e logo continuarán praiticando a táctica que xa siguen: non pagaren.

M. Lustres Rivas.

O Pangaleguismo

O debuxante Barradas en Vigo

Fixo en Vigo unha Esposición de traballos seus o notabre debuxante portugués Barradas.

Con tal motivo pronunciou unha conferencia moi interesante, na que tivo frases oportunas e cheias d' elocuencia para a fraternidade luso-galaica e para o nacionalismo galego.

Inda que Vigo, pol-o d'agora, non é o lugar mais doado para somellante crás de certámes e conferencias, o señor Barradas foi moito apraudido.

Do poeta da raza

Un enterro de primeira

Morreu un home d-eses con mais abós que días ten o ano.

—Media provincia en terras e en diñeiro outro tanto, cruz de Carlos III, cadeira no Senado, escudo no «laudeaux», e «hotel» na rúa de Goya ou de Serrano.

Na tarxeta da morte que os xornaes publicaron, os «ex» e os outos postos encherían un saco:

—Ministro da Coroa, Conselleiro de Estado, Cabezaleiro as veces, cando non Segredario, de Asociacións de Protección as Bestas e de Premio á Virtude e ó Traballo contra a Trata de Brancas, de Fomento do Gando. Xuntanzas patrióticas e Casinos de rango... — (Todo en letras maiúsculas e tipo elceviriano, pra que se vira ven que no-era o morto ningún esfolagatos.)

E vel-o ehí vai o probe n-un carro do que turran seis cabalos, Porta do Sol adiante, rúa Maior abaixo, enzarrado, as escuras, n-un caixón de carballo.

Detrás, cregos e frades, porteiros e lacaios, coches da Reial Casa, —casacas roxas con galous dourados, media branca, peluca enfariñada, calzón curto, febilla no zapato,— e en ringleiras, as pálidas meixelas e os ollíños pasmados das nenas incluseiras e os nenos asilados... (¿Qué crueldade trai a estas farsadas este xirón de humanidade tráxico?) Dimpois, co-as caras longas, solenes, de chisteira, enlevitados, falándose á orella, con presa de enterralo, os que eran inda onte seus compadres nas festas ledas e nos negros tratos, os que, si cadra, un día o creto lle enlixaron.

De vagar, arredado do cortexo camiño, paso a paso. A mañan está limpa e o sol de outono é caricioso e craro. O pobo rí mirando pra as garnidas casacas dos lacaios, as levitas solenes e a negra fardamenta dos cabalos: seica somentes eu ollo con pena o caixón de carballo.

Ramón Cabanillas.

PENEIRANDO

Según o A B C de Madri, «ninguén poderá demostrar que un boletín escrito en catalán sexa hespañol.»

Tampouco, pol-o mesmo, ningún escrito en galego poderá selo...

Hespaña, para tan noxento xornal, órgao do cretinismo ambiente, só é Castela, ao que se deduz.

Pois que Castela viva sola. Que nós solos tamén viviremos millor. Deixaremos de pertencere a Africa para nos incorporare a Europa. Non seremos mais escravos dos trigueiros.

O A B C nos quer arredistas, pois embora.

Temos recibido un manifesto do «Instituto d' Estudos Galegos.»

N' ese manifesto, propio de fai un século, como toda solución, propónse unha Asamblea dos parlamentarios

representantes do caciquismo galego cuio cumio é a Porta do Sol.

Pro viven na lua os tres ou catro señores vellos que xiveron a humorada de se constituiren en «Instituto, etc?»

E o marqués de Figueiroa ainda non escarmentou da protesta que contra d'él erguéuse na Asambleia Agraria que houbo fai uns meses na Cruña?

De vellos duas veces nenos.

Pois conste que os galegos xa non comungamos con rodas de muiño.

Cando o «Instituto d'Estudos Gallegos» trate un tema concreto, com' o trata Pena Novo no libro que acaba de publicar e que é un contraste co'a oquidade do manifesto de marras, poderá levar aquel nome que, deica agora, acaílle mal: porque lle ven ancho.

Nas vergoñosas eleccións do «Centro de Galicia» da vila podre, foron derrotados Antón Palacios, Flórez e algúns artístas e intelectuaes mais.

Trunfaron os políticos, seique porque poden daren destinos, e trunfaron os eternos «xunteiros» Vilariño e Santeiro.

Trunfou sobre todo a Orella de Jorge. Quen agarde algo bô de Madrí, hai que telo por parvo ou por sospeitoso.

A conferencia mundial da Raza irlandesa

Progresan os traballos para a conferencia mundial da Raza irlandesa, gracias a actividade d' unha Segredaria xeral que ten oficinas en París, co' a que colaboran numerosas orgaizacións da Raza irlandesa espalladas por todo o mundo.

Catorce países áchanse xa dispostos a tomaren parte n'este acontecemento, e representantes d' antigas familias irlandesas, na Hespaña, na Francia e n' Austria, teñen testimoñado a súa intención d' asistiren a conferencia.

O ministro irlandés de Belas Artes, orgaiza actualmente unha Exposición d' arte irlandesa, que ha de se facere coincidindo co' a conferencia.

Arte e cultura galegas

No Novo Club de Villagarcía, abréuse unha Exposición de obras do noso xenial Castelao.

O propio Castelao, con tal motivo, deu unha interesantísima conferencia nos salóns d' aquela sociedade.

E Vicente Risco, convidado con moito agarimo, deu outra cheia d' ensiños patrióticos.

Foron actos solenes moi proveitosos para o nazionalismo galego.

Hoxe somentes podemos facer esta notiña sintética, advertindo que nas invitacións iba insertada a valente e fermosa poesía de Cabanillas "Galicia, rube o calvario...", xa coñecida.

Na "Irmandade" d' Ourens, véñse orgaizando outra Exposición de traballo do notabre artista que foi do consello d' aquel centro, Farruco Lamas.

Na Cruña tenciónase facer unha velada d' homenaxe á República Irlandesa por ter ista sido recoñecida pol-a Gran Bretaña.

A revista NOS, ourensana, como xa temos dito, adica un número, realmente notabre, a Irlanda.

V. da de H. Hervada Casa fundada en 1865
A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS Francesas PRA MUIÑOS, ETC., ETC.



«Infanta» tragedia por Manuel de Figueiredo

Ja temos loubado justamente o libriño «Oração da Raça», de Figueiredo. Hoje achámonos con unha nova obra do mesmo autor, que de certo agrada ha a cantos a leian.

Ista obra in da que basada na lenda que di que oubo un poeta que se apaixonou d' unha filla do Rei D. Manuel primeiro, chamada Beatriz, non é mesmo en súa orígen a historia d' aqueles amores.

«Só—fiz o autor—depois de abstractamente ter «vivido» o soño das Descobertas e das Conquistas, e de ter encontrado, pra min, o seu significado, procurei as personagens, fixei os seus valores, defini as súas atitudes e os seus gestos. Ten por tanto

este libro un sentido mais alto e mais profundo. É a tragedia d' un momento que pasou e a crença, a fé, a certeza, n' un momento que ha de vir. É o triunfo eterno da Raça perante o Mundo, os Homes, e o Destino».

«Non fiz—remata Figueiredo—nen quiz fañer teatro. As personagens teem un sentido máis simbólico do que humano. A miña alma viveu o momento pasado e visionou o momento futuro: —o triunfo espiritual da Raça!»

«Infanta» porén mais que unha traxedia teatral é un poema trágico en tres estancias, e en prosa: n' unha prosa traballada, exquisita a transparentar un fondo pensamento patriótico perante ondas de belo lirismo.

A i-alma saudosa de Portugal vibra nas páxinas do tal poema

facéndoa compresíbel para todos. O mar con os seus motivos infinitos poderíamos dicir que anda a ser a *dramatis personae* verdadeira. O mar feito humano pol-os intrépidos navegantes lusitanos, o mar verde, que é o mar d'altura, o mar sin terras, o mar dos nevoeiros misteriosos onde a gloria do povo irmá hase reflexar por sempre. *in sécula seculorum*, na inspiradísima prosa de Figueiredo áchase vivificado e divinizado maravillosamente.

«Infanta» é unha obra toda portuguesa. Portuguesa pol-os motivos, pol-o lirismo e saudosismo que a enchen, pol-a finalidade que anhela ter. A alma da protagonista pode ollarse como a propia alma lusitana, pura e limpa dos contagios morbócos dos *boulevards* de París que se atopaban até agora en coase todol-os artistas portugueses.

A voz do povo en ningures libre de positivismo plebeu, xurde n'algúñas páxinas da traxedia de Figueiredo, intentando corromper os deseios nobres e os saudosos anhelos da Infanta visionaria. As velas triufales como azas de águas, dos navíos da armada portuguesa, son un motivo decorativo e evocador na obra.

A scea das joias na segunda estancia resulta d'unha beleza insuperábel. E a derradeira estancia ten características de soberba apoteosis para o soño da Infanta, toda branca frente ao mar, como unha aparición divina. Ben di o «Marítimo»: «os ollos dos mariñeiros andan sempre errantes... No mar os ollos non se prenden, que o mar é todo igoal. So á noite as estrelas do ceu prenden os ollos! A señora Infanta é como nós [ten ollos de mariñeiro, ollos errantes!

Ben di o «Poeta», amigo das sombras como o «Pintor» o é da luz: «Eu ando agora a vivir o soño d'Elá!... En todo que me cerca eu véjo-a sempre, mais pura, mais santa, mais perfeita! D'aquí eu véjo o mar e o mar é a súa alma, a nosa alma, o soño mayor que transfigurou o mundo e sobre o mundo ficará eternamente! O soño creador e redentor!... O soño é a única certeza en face dos homes e do Destino. Soñar e crear un mundo novo, onde unha so alma exista, e n'esa alma, a alegría e a dor do Universo. E modelar o noso soño n'unha imágen, e nesa imágen vivir millares de vidas!... Vivilas encantado n'un momento. Morrer é apenas un gesto; o voo necesario para unha vida mayor. Mórrese na vida infinitamente. Mórrese sempre para vivir... até ser atingida a luz final, suprema, en que vida e soño se comprenden...»

«Infanta» é obra d'un gran pensador e d'un gran artista. Luz que alumea o camiño pol-o que Portugal terá que andar si quere encontrarse de novo asimesmo. Luz acesa primeiro que por ninguén por Teixeira Pascoaes, o insigne mestre, nos corazóns da mocidade intelectual lusitana d'agora.

«A Horda» traxedia de Joao de Castro

O autor de «Rainha Santa», libro que Vicente Risco estudou n'estas mesmas follas, hoje oferécenos unha obra d'alto pensamento e de fonda beleza. Como Figueiredo, Joao de Castro, traballa un género de teatro irrepresentábel. Un teatro poemático, cheo de símbolos, através dos que óllase a realidade.

Despois de termos lido «A Infanta» e «A Horda» nós pensamos como outras moitas veces, si o teatro *teatral* e mostra da cultura d'un povo, e si pode darse un país próspero no senso espiritual carecendo de verdadeiro teatro propio para as multitudes. Alguen dixo que a do teatro é unha arte inferior, e logo de termos lido o máis exquisito de Maeterlinck e Ibsen, verbigracia, ficamos na dúbida. Por que nin moitas das millores obras escé-

nicas do escritor baiga e do escritor noruego, chegan a o chamado gran público, nin as de Figueiredo e Joao de Castro poderant chegar nunca.

E con todo superan pol-a beleza da forma e pol-o admirábel do fondo a coase todas isas pezas teatraes que erguen aos espeitadores de coliseu, nas suas cadeiras, obrigándolles a juntaren as maos para o apláuse.

Mas agora non se presenta a ocasión doada de falarmos d'iso. Agora queremos dicir algo, menos do que ela merece, da obra de Joao Castro que acaba de chegar a nós, editada con gosto e ilustrada con modernos dibuxos barrocos de Albert Jourdain.

«A Horda» abrangue un senso transcendente. As figuras de «Terán» o poeta, que logo se fai rei e caudillo, e a doce e sinxela de «Nelem» a mocíña namorada do Héroi, como a do «Gran Sacerdote» son acertos magistraes. Magistral e asimismo o estudo da multitude que nos leva a considerar con caridade e por abstracción o modo de seren as multitudes, as hordas de tódol-os povos en tódol-os tempos. A psicología das «masas» óllase diáfana na traxedia soberba de Joao de Castro. Andamos na seguranza de que Maeterlinck non dubidaria en lle por o seu nome como autor a aquela. ¿E quereis millor elogio? A grandeza trágica, que é o soplo dos grandes «epos», embalada n'un estilo d'alto releve, algo danunciano, deita das páxinas do formoso volume que juzgamos.

«Terán», leva no corazón o soño de redentor e creador; o povo que saíu da planicie, onde mal vivía, para camiñar pol-a floresta cheia de sombras hacía a Terra Prometida, beira das augas sin fin—sempre o motivo patriótico do mar nas obras geniaes portuguesas—comeza a flaquear no comprimento do seu destino. Ten medo a escuridade, á falta do sol. Desconfía dos agoiros dos sacerdotes e leva a súa desconfianza ao espírito do Rei, Un Rei que non sinte deseios de prosperidade para os seus súbditos e que se pon ó nivel das suas pequenas esixencias egoistas, dando de mao a todo ideal para conserval-o Trono, merece ser derrubado, e Terán derriba ao Rei da «Horda». E él trócase en Rei e caudillo. E leva as hostes camiño da Terra Prometida, pensando que xefe que recibe o poder do povo sempre fica escravo d'este. Mas as cubizas dos derrubados xermolan unha revolta contra de Terán. Terán, cos que lle son fieles, podería someter os rebeldes. Mas non quere. Indo cara a multitude inconsciente, racha o sen peito c'un puñal e móstralles o seu corazón sangrento e aceso. E c'o corazón en alto, como un trofeo, condúceos á Terra Prometida. Alí morre e todos o recoñecen por santo e por rei e choran o seu fin. «Terán» fica para a multitude como o redentor. Co'a morte gaña vida eterna.

E'a historia de tódol-os grandes creadores e descubridores. O calvario de tódol-os cristos. A proba de que non pode darse redención sin sacrificio. E «Terán» representa a transcendente aristarquía de tódol-os tempos que non quer dominar sobre hordas inconscientes como os xefes políticos, senon sobre corazóns que acaben por sentiren o soño ideal do creador feito corazón sangrento. O desprecio da horda cando non serve mais que para instrumento d'audaces.

Eis unha síntese da formosa traxedia de Joao de Castro que ven a enriquecer a gloriosa literatura portuguesa.

A VILLAR PONTE.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

vapores Correos de gran velocidade ——— Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas DIREITAMENTE da Cruña

Vapor ESPAGNE 29 Novembro

“ La Burdonnais 8 Diciembre

“ FLANDRE 25 de id.

Prezo en Cámara para o vapor

		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.350 a 3.600	1.475 a 3.900
Segunda crase	”	1.100	1.200
Preferencia	”	1.000	1.050

Prezo en Cámara para o vapor

		HABANA	VERABRUZ
Primeira (varias categorías).	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda.	”	1.100 a 1.125	1.200 a 1.225
Preferencia.	”	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS	”	565	

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARIÑA, Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

COMPañÍA CHARGEURS REUNIS

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Línea Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os magníficos vapores rápidos a dobre hélice

DATA	VAPOR	Prezo en 3. ^a cras
6 de Xaneiro	SALLANDROUZE	484'60 pesetas
9 de id.	ALBA ex «Sierra Ventana»	484'60 »
23 de id.	BELLE ISLE	484'60 »

Prezos en cámara

		Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
Prezo do billete en luxo	Ptas.	6.000		6.000	6.000	6.000	6.000
En primeira crase.	”	1.650		1.925	2.000	2.350	2.435
En segunda crase.	”	825		825	825	825	825

NOTA.—O vapor ALBA, ex-«SIERRA VENTANA», fará escadas nos portos do Brasil.

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarto pasaxe; de cinco a dez anos, medio pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteiro.

E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xeneraes en Hespaña:

ANTONIO CONDE (Fillos)

Plaza de Orense, 2-A-CRUÑA

Telegramas: CHARGEURS